

1.3. **demanda interna**

■ A análise da demanda interna estrutúrase en tres grandes apartados nos que se analizan, en primeiro lugar, a evolución dos indicadores do consumo –público e privado-, o investimento, incluído o investimento estranxeiro, e en terceiro lugar, o Programa Operativo de Galicia para o período 2000-2006.

Respecto ós indicadores do consumo, cómpre salientalo incremento rexistrado pola renda familiar bruta dispoñible por habitante e do gasto medio por persoa, que medran un 6,8% e 4,9%, respectivamente, así como a medra da importación de bens de consumo (un 4,5% respecto ó ano anterior). Pola contra, prodúcese unha caída nas matriculacións de automóbiles e no consumo aparente de gasolina (14,8% e 11,4%), así como do tráfico aéreo de pasaxeiros, que descende un 6,3% en relación ó ano anterior.

As fontes de información empregadas para a análise do consumo foron o INE, IGE, AENA, ICEX, o Banco de España, Funcas, o *Anuario Económico de España 2003* de La Caixa e a Xunta de Galicia.

No concernente ó investimento, prodúcese unha ralentización tanto do crecemento do consumo de cemento, que medra en 2002 un 1,6% (10,1% en 2001), como da licitación oficial. A licitación oficial de tódalas administracións medra un 26,0% en 2002 (32% no ano anterior) en tanto que a licitación oficial da administración autonómica o fai nun 14,9% (45,3% en 2001). Doutra banda, o ano 2002 rexistrou unha caída do investimento en bens de equipamento (15,0%) así como da matriculación de vehículos de carga (6,6%).

Trala consideración destes indicadores, estudíase a evolución do investimento estranxeiro (tanto dende o punto de vista da súa distribución por países de orixe, como segundo a súa distribución sectorial). Este rexistrou no ano 2002 un forte descenso que fixo que o seu peso relativo no conxunto do Estado pase do 1,5% do ano 2001 ó 0,7% de 2002. En cifras globais, o investimento estranxeiro experimentou unha caída do 59,1% respecto ó ano anterior, para situarse nos 203,7 millóns de euros, mentres que no conxunto estatal este descendeu un 16,4%.

O investimento estranxeiro procede fundamentalmente da Unión Europea, e máis en concreto de Portugal, que aportan o 96,5% e o 95,4% do devandito investimento en Galicia, respectivamente. Os subsectores de xestión de sociedades e tenencia de valores e o subsector de transporte e comunicacións, con 145,0 e 48,6 millóns de euros, son os principais receptores deste investimento, acollendo en conxunto o 95,1% do total investido en Galicia.

Para a análise do investimento utilízanse os datos facilitados polo INE, IGE, OFICEMEN, SEOPAN, o Banco de España e a Dirección General de Política Comercial e Inversiones Exteriores do Ministerio de Economía y Hacienda.

Esta análise do investimento complétase co estudio do investimento territorializado das Administracións Públicas recollido no capítulo 5.- Desenvolvemento rexional. O investimento real da Administración do Estado, incluído nos Presupostos Xerais do Estado, acadou unha porcentaxe territorializable do 67,5% do total (catro décimas menos que no anterior exercicio), mentres o 26,6% figura dentro da modalidade non territorializado (sete décimas menos) e o 5,9% corresponde á modalidade de investimento no exterior.

Galicia recibiu da Administración do Estado (Estado, Organismos Autónomos e Entes Públicos) un volume de investimento público real territorializable de 396,0 millóns de euros, o que supón un 23,9% máis que no ano anterior, o 4,4% do total do Estado (**cadro 5.4.6. *Investimento público do Estado, organismos autónomos e entes públicos nas CC.AA. 2001-2002***).

A participación dos distintos axentes das administracións públicas nos gastos correspondentes ó investimento civil (presupostos iniciais de investimento público real territorializado, excluídos gastos de defensa e os dos organismos autónomos comerciais, industriais, financeiros ou análogos, para que a comparación poda realizarse en termos homoxéneos) ó longo do 2002 reflicten a seguinte situación: a Comunidade Autónoma participou cun 50,5%; as Deputacións, cun 6,8%; os Concellos, cun 24,1%; e o Estado, cun 18,6%.

O último apartado do capítulo dedícase ó Programa Operativo Integrado de Galicia para o período 2000-2006. O total de recursos programados ascende a 39.548 millóns de euros, nos que Galicia participa nun 13,7% (5.087 millóns de euros) –nesta porcentaxe a axuda comunitaria é do 67,5% (3.430 millóns de euros)–. Un 4,16% adicional, en concepto de “reserva de eficacia” (1.645 millóns de euros), asígnase en función dunha serie limitada de indicadores de seguimento de eficacia, de xestión e de execución financeira. A execución do gasto público do P.O.I. de Galicia a 31 de decembro de 2002 foi de 1.354,1 millóns de euros, un 61% do programado para o período 2000-02.

Consumo

O **cadro 1.3.1.** reflicte a evolución de diferentes indicadores do consumo privado nos anos 2001 e 2002. Comparado co acontecido en 2001, en Galicia cómpre salienta-la caída rexistrada en máis do 10% no caso das matriculacións de turismos e do consumo aparente de gasolina, así como o descenso do 6,3% do tráfico de pasaxeiros.

Pola contra, en 2002 rexístrase unha medra da renda familiar bruta dispoñible (6,8%), do gasto medio por persoa (4,9%) e da ocupación hoteleira (3,6%), así como unha ralentización do crecemento das importacións de bens ce consumo (4,5% en 2002 fronte ó 25,5% de 2001).

A evolución dos tipos de xuro tamén tivo o seu impacto neste apartado. O **cadro 1.3.2.** reflicte que ó longo de 2002 continúa o descenso nos tipos de xuro dos créditos ó consumo. No período comprendido entre decembro de 2001 e decembro de 2002, o descenso experimentado no caso das caixas de aforros foi de 0,36 puntos, fronte ós 0,25 puntos no caso dos bancos.

O crecemento do VEB tradúcese nun aumento do 6,8% da renda familiar (poder de compra) por habitante en Galicia respecto ó ano anterior, acadando un total de 11.291,87 euros no ano 2002. Tal e como reflicte o **cadro C.5.14. (*PIB e Renda familiar bruta dispoñible por habitante nas CC.AA. 2001-02*)**, en 2002 a renda familiar por habitante en Galicia acadou o 91,5% do valor medio de España, o que supón unha

CADRO 1.3.1.
Indicadores do consumo privado en Galicia e España 2001-02: taxas de variación interanuais

	Galicia		España	
	2001	2002	2001	2002
Renda Familiar Bruta Dispoñible por habitante	5,9	6,8	5,1	5,7
Gasto medio por persoa	3,5	4,9	8,4	3,9
Consumo aparente de gasolina	12,8	-11,4	--	--
Importacións de bens de consumo	25,5	4,5	7,3	-0,2
Tráfico aéreo de pasaxeiros	3,4	-6,3	3,0	-1,0
Ocupación hoteleira	-0,3	3,6	1,0	0,1
Matriculación de turismos	0,2	-14,8	2,2	-7,3

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INE, IGE, AOP, Ministerio de Fomento, ICEX e Funcas

CADRO 1.3.2.
Tipos de xuros referentes a créditos para o consumo 1998-2002

	Bancos	Caixas de aforros
	1998	9,94
1999	9,37	8,30
2000 (1)	9,59	9,05
2001	9,47	8,93
2002		
Xaneiro	9,48	8,73
Febreiro	9,46	8,66
Marzo	9,45	8,63
Abril	9,44	8,65
Maio	9,44	8,61
Xuño	9,44	8,61
Xullo	9,46	8,61
Agosto	9,45	8,61
Setembro	9,47	8,60
Outubro	9,45	8,61
Novembro	9,24	8,61
Decembro	9,22	8,57

(1) dato correspondente ó mes de decembro
Fonte: Banco de España

CADRO 1.3.3.
Nivel económico dos municipios e poboación (1): distribución segundo intervalos de RFBD/hab. (2)

	Intervalos de RFBD/hab.			Total
	6.975 7.800	7.800 8.275	8.275 9.125	
	(en €)			
A Coruña				
municipios	9	72	13	94
habitantes	27.624	513.657	566.721	1.108.002
Lugo				
municipios		27	35	62
habitantes		72.854	289.241	362.095
Ourense				
municipios	6	69	8	83
habitantes	12.760	163.699	161.182	337.641
Pontevedra				
municipios		53	8	61
habitantes		435.519	479.998	915.517
Galicia				
municipios	15	221	64	300
habitantes	40.384	1.185.729	1.497.142	2.723.255

(1) recolle os municipios con máis de 1.000 habitantes segundo o padrón de habitantes a 1 de xaneiro de 2001

(2) renda familiar dispoñible/habitante

Fonte: La Caixa, Anuario Económico de España

Consumo público 2001-02: distribución segundo administraciones

	2001		2002		02/01	
	Xunta (1)	Deputacións	Xunta (1)	Deputacións	Xunta	Deputacións
	(en millóns de €)				(%)	
Gastos de persoal	2.211,1	83,9	2.343,3	90,2	6,0	7,4
Gastos en bens correntes e servizos	843,3	57,3	814,7	60,0	- 3,4	4,6

(1) datos a partir dos presupostos consolidados

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos da Xunta de Galicia

medra de 0,9 puntos en relación ó ano anterior, no que o indicador estaba situado no 90,6% do valor medio español.

Comparado co resto das comunidades autónomas, Galicia é a sexta comunidade autónoma con menor índice por habitante da RFBD. En peor situación encóntranse Andalucía, Canarias, Castela A Mancha, Extremadura e Murcia.

É relevante a comparación dos valores da renda e da produción por habitante de Galicia coa media española. A produción por habitante galega representa o 79,6% do valor de España, mentres que a renda por habitante é equivalente ó 91,5%, isto é, existe un diferencial favorable á economía galega de 11,9 puntos.

Atendendo á relación entre o nivel económico –índice da renda familiar dispoñible por habitante– e o número de municipios e a poboación, o **cadro 1.3.3.** reflicte que a meirande parte dos concellos galegos encádranse nun intervalo de renda comprendido entre 7.800 e 8.275 euros. Neste nivel atópanse un total de 221 municipios galegos (o 73,7% do total de municipios con máis de 1.000 habitantes) e 1.185.729 persoas (o 43,5% da poboación galega, residentes neses municipios). Os 64 concellos galegos cun nivel económico entre 8.275 e 9.125 euros acollen a 1.497.142 persoas (o 55% da poboación).

O devandito **cadro 1.3.3.** reflicte que 15 municipios galegos presentan unha renda familiar bruta dispoñible por habitante comprendida entre 6.975 e 7.800 euros, ascendendo a poboación residente a 40.384 persoas. Deste 15 concellos, nove atópanse na provincia de A Coruña e 6 na provincia de Ourense.

En canto ó **consumo público**, pódense

tomar como indicadores do seu comportamento os datos recollidos nos capítulos I (gastos de persoal) e II (gastos en bens correntes e servizos) dos presupostos de gasto. O **cadro 1.3.4.** reflicte a evolución dos mesmos e o seu nivel no ano 2002, amosando que os gastos do capítulo I aumentaron un 6,0% na Xunta e un 7,4% no caso das Deputacións, en tanto que os gastos en bens correntes e servizos experimentaron unha medra do 4,6% no caso das Deputacións fronte ó descenso do 3,4% na Xunta de Galicia.

Investimento

Á hora de analiza-la evolución do investimento, hai que considera-lo comportamento de diferentes indicadores. Por unha banda, o **cadro 1.3.5.** reflicte o aumento dun 26,0% na licitación pública oficial por data de apertura de tódalas administracións públicas (medra un 53,0% no caso da obra civil en tanto que descende un 14,4% no caso do total edificación), sendo a medra do 14,9% no caso da licitación oficial da administración autonómica en 2002 (a obra civil crece un 31,8% namentres que no caso do total edificación prodúcese unha caída do 73,2%).

O consumo de cemento rexistra no ano 2002 unha medra do 1,6%, oito puntos e medio por baixo do que o fixo no ano 2001 (10,1%).

Polo que respecta ó investimento en bens de equipo, as matriculacións de vehículos de carga caeron un 6,6% respecto ó ano anterior (no ano anterior o fixeron nun 5,8%), mentres que a importación de bens de equipamento, despois do crecemento de 2001, experimentou unha caída do 15,0% respecto ó ano anterior.

Outra variable que permite comprende-la evolución do investimento é a caída dos tipos

CADRO 1.3.5.
Indicadores do investimento en Galicia e España 2001-02: taxas de variación interanuais

	Galicia		España	
	2001	2002	2001	2002
Consumo de cemento	10,1	1,6	9,7	4,7
Licitación oficial de tódalas AA.PP.	32,0	26,0	8,0	14,3
Licitación oficial da Admon. autonom.	45,3	14,9	16,4	38,5
Importacións de bens de equipo	3,5	-15,0	-1,1	-2,5
Matriculación de vehículos de carga (1)	-5,8	-6,6	0,4	-10,7

(1) Para o conxunto do Estado considéranse as matriculacións de Vehículos de motor, camiións e furgonetas, e tracto-camiións, en tanto que para Galicia, as matriculacións de vehículos de carga fan referencia ós camiións e furgonetas e ós tractores industriais.
Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INE, IGE, ICEX, Oficemen e Seopan

CADRO 1.3.6.
Tipo medio dos préstamos hipotecarios a máis de tres anos 1998-2002

	Bancos	Caixas de aforros	Conxunto entidades
1998	5,557	5,763	5,651
1999	4,587	4,881	4,724
2000	5,708	5,822	5,764
2001	5,597	5,926	5,760
2002	4,687	4,896	4,795
2002			
Abril	4,799	4,919	4,860
Maio	4,917	5,052	4,985
Xuño	4,925	5,062	4,995
Xullo	4,916	5,100	5,009
Agosto	4,883	5,103	4,999
Setembro	4,698	4,925	4,818
Outubro	4,542	4,815	4,690
Novembro	4,408	4,609	4,517
Decembro	4,253	4,490	4,380

Fonte: Banco de España

medios dos préstamos hipotecarios a máis de tres anos. O **cadro 1.3.6.** reflicte, para o conxunto de entidades, un descenso de case un punto entre decembro de 2002 e 2002, sendo esta caída lixeiramente superior no caso das caixa de aforros que no dos bancos.

No conxunto das empresas analizadas por Ardán, os **cadros C.3.7.** (*Empresa galega 2000-01: indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación*) e **C.3.9.** (*Empresa galega 2000-01: rendibilidade e magnitudes asociadas*) amosan que ó longo do ano 2001 rexistrouse unha lixeira medra da relación carga financeira/ingresos (1,01% en 2000 e 1,06% en 2001), ó contrario do acontecido co coeficiente de endebedamento, que pasa de 2,53% a 2,40%

• Investimento estranxeiro

O fluxo de investimento estranxeiro bruto efectivo en Galicia –investimento bruto rexistra-

do descontadas as adquisicións de accións e participacións de sociedades españolas a outros non residentes e as contabilizacións múltiples do mesmo investimento consecuencia das reestruturacións de grupos empresariais en España– acadou no ano 2002 un valor de 203,7 millóns de euros (o 0,7% do total estatal) o que significa que se produciu un descenso do 59,1% respecto o ano anterior (294,8 millóns de euros menos). Comparado co resto das comunidades autónomas, o **cadro C.1.4.** (*Investimento estranxeiro bruto efectivo nas CC.AA. 2001-02*) amosa que Galicia se sitúa por riba de Baleares e a C. Valenciana, con 72,8 millóns de euros e 69,8 millóns de euros, respectivamente.

Unha análise da distribución xeográfica deste fluxo de investimento reflicte, **cadro 1.3.7.**, que no ano 2002 o 96,5% procede da UE, onde salienta, por riba dos demais países, o investimento de Portugal, que ascende a 194,0 millóns de euros (o 98,7% do total investido pola UE e o 95,2% do investimento total).

CADRO 1.3.7.

Investimento estranxeiro bruto en empresas españolas en Galicia e España 2001-02 distribución segundo países de orixe

	2001		Galicia		2002		Espania		2002		2001	
	(en millóns de €)	(%/total)	(en millóns de €)	(%/total)	(en millóns de €)	(%/total)	(en millóns de €)	(%/total)	(en millóns de €)	(%/total)	(en millóns de €)	(%/total)
Países OCDE												
Países UE												
Francia	485,0	97,3	196,5	96,5	196,5	96,5	24.105,7	70,6	11.654,3	40,8	24.105,7	70,6
Béxica	0,6	0,1	0,5	0,2	0,5	0,2	2.604,7	7,6	822,1	2,9	2.604,7	7,6
Países Baixos	-	-	-	-	-	-	187,9	0,6	1.019,0	3,6	187,9	0,6
Alemaña	107,8	21,6	1,0	0,5	1,0	0,5	6.134,7	18,0	3.938,3	13,8	6.134,7	18,0
Italia	1,2	0,2	0,0	0,0	0,0	0,0	605,6	1,8	2.309,0	8,1	605,6	1,8
Reino Unido	11,9	2,4	1,0	0,5	1,0	0,5	977,5	2,9	352,0	1,2	977,5	2,9
Irlanda	344,3	69,1	-	-	-	-	1.578,1	4,6	1.119,1	3,9	1.578,1	4,6
Dinamarca	0,1	0,0	-	-	-	-	18,1	0,1	17,4	0,1	18,1	0,1
Portugal	-	-	-	-	-	-	35,2	0,1	21,4	0,1	35,2	0,1
Suecia	19,2	3,8	194,0	95,2	194,0	95,2	9.153,7	26,8	1.095,3	3,8	9.153,7	26,8
Luxemburgo	-	-	-	-	-	-	56,4	0,2	122,2	0,4	56,4	0,2
Grecia	-	-	-	-	-	-	2.700,9	7,9	813,5	2,8	2.700,9	7,9
Finlandia	-	-	-	-	-	-	5,5	0,0	2,0	0,0	5,5	0,0
Austria	-	-	-	-	-	-	0,4	0,0	11,6	0,0	0,4	0,0
	-	-	-	-	-	-	46,8	0,1	11,3	0,0	46,8	0,1
Resto países OCDE												
Islandia	-	-	-	-	-	-	0,0	0,0	2,7	0,0	0,0	0,0
Noruega	-	-	0,1	0,0	0,1	0,0	3,7	0,0	5,2	0,0	3,7	0,0
Suíza	0,0	0,0	0,3	0,2	0,3	0,2	209,8	0,6	266,5	0,9	209,8	0,6
Turquia	-	-	-	-	-	-	0,3	0,0	0,3	0,0	0,3	0,0
Estados Unidos	4,7	1,0	0,1	0,0	0,1	0,0	5.013,5	14,7	14.408,1	50,5	5.013,5	14,7
Canadá	-	-	-	-	-	-	3.351,1	9,8	673,5	2,4	3.351,1	9,8
Xapón	-	-	-	-	-	-	26,9	0,1	98,1	0,3	26,9	0,1
Australia	-	-	-	-	-	-	5,3	0,0	0,0	0,0	5,3	0,0
Nova Zelandia	-	-	-	-	-	-	0,2	0,0	0,2	0,0	0,2	0,0
Outros países europeos	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	14,5	0,0	8,9	0,0	14,5	0,0
Paraísos fiscales	3,7	0,7	3,0	1,5	3,0	1,5	199,6	0,6	112,8	0,4	199,6	0,6
Países africanos	-	-	0,1	0,0	0,1	0,0	19,3	0,1	4,5	0,0	19,3	0,1
Centroamérica e Caribe	0,2	0,0	1,8	0,9	1,8	0,9	69,3	0,2	261,7	0,9	69,3	0,2
Sudamérica	4,7	0,9	1,9	0,9	1,9	0,9	1.081,2	3,2	1.021,0	3,6	1.081,2	3,2
Países asiáticos (agás Xapón)	0,0	0,0	-	-	-	-	55,7	0,2	34,9	0,1	55,7	0,2
Resto de países	-	-	-	-	-	-	0,2	0,0	6,1	0,0	0,2	0,0
Total	498,4	100	203,7	100,0	203,7	100,0	34.156,2	100	28.558,5	100	34.156,2	100

Fonte: Dirección General de Política Comercial e Inversiones Exteriores

CADRO 1.3.8.

Investimento estranxeiro bruto en empresas españolas en Galicia e España 2001-02: distribución sectorial

	Galicia			España			G/E	
	2001 (en millóns de €)	(% / total)	2002 (en millóns de €)	2001 (en millóns de €)	(% / total)	2002 (en millóns de €)	2001 (%)	2002 (%)
Agricultura, gandería, caza e pesca e auga	3,1	0,6	0,5	40,0	0,1	37,0	0,1	1,2
Ind. extract., ref. petróleo	1,1	0,2	0,8	144,8	0,4	1.652,4	5,8	0,7
Alimentación, bebidas e tabaco	0,0	0,0	2,6	6,3	0,0	6,4	0,0	41,4
Ind. téxtil e confección	0,0	0,0	0,1	309,9	0,9	200,6	0,7	0,0
Ind. papel, edición e artes gráficas	0,0	0,0	0,3	32,5	0,1	15,2	0,1	1,7
Ind. química	2,0	0,4	-	498,9	1,5	232,4	0,8	0,4
Outras manufacturas	9,8	2,0	0,0	1.196,4	3,5	235,0	0,8	0,0
Construcción	12,7	2,6	0,1	2.649,8	7,8	356,4	1,2	0,5
Comercio	0,2	0,0	0,3	183,9	0,5	173,4	0,6	0,1
Hostalería	1,7	0,3	1,3	615,5	1,8	836,5	2,9	0,2
Transporte e comunicacións	0,2	0,0	0,8	804,0	2,4	87,6	0,3	0,9
Intermediación financeira, banca e seguro	51,6	10,4	48,6	2.499,1	7,3	2.280,4	8,0	2,1
Actividades inmobiliarias e servizos	350,1	70,3	-	1.732,4	5,1	615,9	2,2	-
Xestión de sociedades e tenencia valores	65,7	13,2	3,3	1.778,5	5,2	1.619,9	5,7	0,2
Outros	0,0	0,0	145,0	21.196,4	62,1	20.030,3	70,1	0,0
	0,0	0,0	0,0	467,8	1,4	179,1	0,6	0,0
Total	498,3	100	203,7	34.156,2	100	28.558,5	100	0,7

Fonte: Dirección General de Economía Internacional y Transacciones Exteriores

Comparado co ano anterior, o devandito cadro amosa o forte descenso do investimento estranxeiro total procedente dos distintos países da UE, que cae un 59,5% en relación ó ano 2001. Non obstante, fronte a este descenso hai que salienta-la medra experimentada polo investimento procedente de Portugal, que aumenta dende os 19,2 millóns de euros de 2001 ós 194,0 millóns de euros de 2002.

Atendendo á distribución do investimento estranxeiro segundo ramas de actividade, apréciase unha concentración nos subsectores “xestión de sociedades e tenencia de valores” e no de “transporte e comunicacións”, que acollen o 71,2% e o 23,9% do total investido nas empresas galegas, respectivamente.

Programa Operativo Integrado de Galicia 2000-2006

Os Fondos Estructurais da UE teñen, como obxectivo nº 1, promover-lo desenvolvemento e o axuste estrutural das rexións europeas (NUTS) menos desenvolvidas (NUTS II, que teñen un PIB per cápita inferior ó 75% da media comunitaria). Galicia e unha NUTS II, obxectivo nº1 da UE.

Os documentos de programación, necesarios para acceder ós Fondos Estructurais do obxectivo nº 1, son o Plan de Desenvolvemento Rexional 2000-2006 para as rexións obxectivo nº 1, presentado por España; o Marco de Apoio Comunitario, que formaliza o compromiso comunitario con respecto ós recursos asignados a España; e os Programas Operativos aprobados pola Comisión. Galicia participa nun 13,7% dos recursos programados. O 4,16% adicional, en concepto de “reserva de eficacia” (1.645 millóns de euros), asígnase en función dunha serie limitada de indicadores de seguimento de eficacia, de xestión e de execución financeira a 31 de decembro de 2003.

O **POI de Galicia 2000-2006** é un programa plurifondo cofinanciado, en termos de axuda comunitaria, por tres fondos estruturais: Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) (68,10%), Fondo Social Europeo (FSE) (11,43%) e Fondo Europeo de Orientación e de

Garantía Agrícola – Orientación (FEOGA-O) (20,47%). O total programado para o dito período ascende ós 5.087 millóns de euros. A axuda comunitaria é do 67,5% (3.430 millóns de euros).

O POI de Galicia 2000-2006 desenvólvese nos 12 eixes prioritarios e medidas recollidos no **cadro 1.3.9**.

Segundo o establecido no artigo 31.2 do Regulamento 1260/99, a utilización das dotacións orzamentarias dispoñibles de acordo coas perspectivas financeiras anuais definidas no Programa deben ter lugar nos dous anos seguintes a aquel no que se contraia o compromiso inicial. A iso únese a excepción do ano 2000 en función do establecido na Decisión de aprobación da devandita forma de intervención comunitaria. A execución do POI de Galicia 2000-2006 é a seguinte:

- subscribíronse integramente os compromisos asociados á anualidade 2000.
- o total da axuda acumulada por fondo, certificado, da anualidade 2001, a 31/12/2002, atópase cuberto polos fondos: FEDER nun 119,89%, FEOGA-O nun 108,18% e FSE nun 156,75%.
- o total del gasto subvencionable efectivamente pagado e certificado correspondentes á anualidade 2002, a 31/12/2002, atópase cuberto por fondos: FEDER nun 80,03%, FEOGA-O nun 97,40% e FSE nun 92,02%.
- o total del gasto subvencionable efectivamente pagado e certificado dende 01/01/2000 do POI de Galicia 2000-2006, a 31 de decembro de 2002, foi de 1.354 millóns de euros, un 60,98% do programado para o período 2000-2002 e un 26,59% do total del gasto subvencionable programado para 2000-2006 (**cadro 1.3.10**).

Coa devandita execución, cúmprese co requisito comunitario do 100% de pagos certificados, a 31 de decembro de 2003, relativos ós compromisos das anualidades 2000 e 2001, e non existe risco de descompromiso automático de fondos do POI.

Os indicadores seleccionados para a medición da “**reserva de eficacia**” das intervencións comunitarias inscritas no Programa Operativo Integrado de Galicia 2000-2006 foron modifica-

CADRO 1.3.9.
Programa Operativo Integrado de Galicia 2000-2006: relación entre eixes, medidas e fondos

Eixe	Medida	Denominación medida	Fondos estruturais	Administración xestora
1	1.1	Apoio a empresas industriais, comerciais e de servizos	FEDER	Galicia
1	1.2	Mellora na transformación e comercialización de produtos agrícolas	FEOGA-O	Galicia e AXE
1	1.3	Provisión e adecuación de espazos productivos de servizos ás empresas	FEDER	Galicia e AXE
1	1.7	Promoción do capital organizativo das empresas	FEDER	Galicia
1	1.8	Favorece-la xeración de nova actividade que permita a creación de emprego	FSE	Galicia
2	2.1	Apoia-la inversión en capital humano no ámbito da investigación, a ciencia e a tecnoloxía e a transferencia de coñecementos cara o sector productivo	FSE	Galicia
2	2.2	Proxectos de investigación, innovación e desenvolvemento tecnolóxico	FEDER	Galicia
2	2.3	Equipamento científico-tecnolóxico	FEDER	Galicia
2	2.5	Centros públicos de investigación e centros tecnolóxicos	FEDER	Galicia
2	2.6	Grandes instalacións	FEDER	Galicia
2	2.7	Sociedade da información	FEDER	Galicia e AXE
3	3.1	Abastecimento de augas á poboación e ás actividades económicas	FEDER	Galicia
3	3.2	Mellora da eficacia das infraestruturas existentes e da utilización de auga	FEDER	AXE
3	3.3	Saneamento e depuración das augas residuais	FEDER	Galicia e AXE
3	3.4	Xestión integral dos residuos urbanos e industriais	FEDER	Galicia
3	3.5	Actuacións en costa	FEDER	AXE
3	3.6	Protección e rexeneración do entorno natural	FEDER	Galicia e AXE
3	3.7	Vixilancia, control e redución da contaminación ambiental	FEDER	Galicia
3	3.8	Rexeneración de solos e espazos	FEDER	Galicia
3	3.9	Silvicultura	FEOGA-O	Galicia e AXE
3	3.10	Accións medioambientais derivadas da conservación da paisaxe e da economía agraria	FEOGA-O	Galicia e AXE
41	41.1	Construción, reforma e equipamento de centros educativos e de formación	FEDER	Galicia
41	41.12	Fomenta-lo acceso de todos/as ás ensinanzas de formación profesional e a súa extensión	FSE	Galicia
41	41.13	Desenvolver novas modalidades de Formación Profesional	FSE	Galicia
41	41.14	Promover mecanismos de integración e mellora da eficiencia dos subsistemas	FSE	Galicia
41	41.15	Proporcionar alternativas educativas enfocadas ó mercado de traballo ás persoas que non superan a ensinanza obrigatoria	FSE	Galicia
42	42.6	Ofrecer ós desempregados posibilidades de inserción no mercado laboral	FSE	Galicia
42	42.7	Combati-lo paro prolongado mediante accións de reinserción laboral dos desempregados de longa duración	FSE	Galicia
42	42.8	Ofrecer vías de inserción profesional ós xoves	FSE	Galicia
43	43.2	Asegura-la actualización do nivel de competencia dos traballadores	FSE	Galicia
43	43.3	Soste-la consolidación do emprego existente	FSE	Galicia
44	44.10	Apoia-la inserción das persoas discapacitadas no mercado laboral	FSE	Galicia
44	44.11	Propoñer oportunidades de integración ós colectivos en risco de exclusión do mercado de traballo	FSE	Galicia
45	45.16	Mellora da empregabilidade das mulleres	FSE	Galicia
45	45.17	Fomenta-la actividade empresarial das mulleres	FSE	Galicia
45	45.18	Combati-la segregación horizontal	FSE	Galicia
5	5.1	Rehabilitación e equipamento de zonas urbanas	FEDER	Galicia
5	5.2	Mellora dos sistemas de transporte urbano	FEDER	Galicia
5	5.3	Infraestrutura e equipamentos colectivos en municipios menores de 20.000 habitantes	FEDER	Galicia
5	5.6	Apoio ás iniciativas locais de emprego	FSE	Galicia
5	5.7	Infraestruturas turísticas e culturais	FEDER	Galicia e AXE
5	5.8	Conservación e rehabilitación do patrimonio histórico-artístico e cultural	FEDER	Galicia e AXE
5	5.9	Infraestruturas, equipamentos sociais e sanitarios	FEDER	Galicia
6	6.1	Estradas e autovías	FEDER	Galicia e AXE
6	6.2	Autoestradas	FEDER	Galicia e AXE
6	6.3	Ferrocarrís	FEDER	AXE
6	6.4	Portos	FEDER	Galicia e AXE
6	6.5	Aeroportos	FEDER	AXE
6	6.6	Sistemas de transporte multimodais e centros de transporte	FEDER	Galicia
6	6.8	Redes de distribución de enerxía	FEDER	Galicia e AXE
6	6.9	Enerxías renovables, eficacia e aforro enerx., agás actuacións contempladas na medida 6.10	FEDER	Galicia e AXE
7	7.2	Desenvolvemento e mellora das infraestruturas de apoio	FEOGA-O	Galicia e AXE
7	7.5	Desenvolvemento endóxeno de zonas rurais relativo ás actividades agrarias	FEOGA-O	Galicia e AXE
7	7.7	Formación agraria en territorios, colectivos e contidos que non quedan cubertos nos programas do F.S.E.	FEOGA-O	Galicia
7	7.8	Prestación de servizos ás explotacións agrarias, comercialización de produtos agrarios de calidade e enxeñaría financeira	FEOGA-O	Galicia e AXE
9	9.1	Asistencia técnica	FEDER	Galicia
9	9.2	Asistencia técnica	FSE	Galicia
9	9.3	Asistencia técnica	FEOGA-O	Galicia

Fonte: Informe de execución do programa operativo integrado de Galicia 2000-2006

CADRO 1.3.10.
Marco de apoio comunitario do obxectivo 1: grao de execución do gasto público por medidas a 31/12/2002. Programa Operativo Integrado de Galicia (tódalas Administracións Públicas)

	Total programado 2000-2002	Total executado a 31/12/2002	Executado / Programado /	
	(en miles de €)		(%)	
Eixe 1-	Mellora da competitividade e desenvolvemento do tecido productivo	198.188,1	88.029,5	44,4
Eixe 2-	Sociedade do coñecemento (Innovación, I+D, Sociedade da Información)	71.535,3	69.682,9	97,4
Eixe 3-	Medio ambiente, entorno natural e recursos hídricos	351.690,2	176.168,2	50,1
Eixe 41-	Reforzo da educación técnico-profesional	145.178,3	144.862,2	99,8
Eixe 42-	Inserción e reinserción ocupacional dos desempregados	59.301,2	51.900,4	87,5
Eixe 43-	Asegura-la actualización do nivel de competencia dos traballadores	26.261,2	24.166,7	92,0
Eixe 44-	Integración no mercado de traballo das persoas con especiais dificultades	14.348,4	10.331,8	72,0
Eixe 45-	Participación das mulleres no mercado de traballo	12.039,9	5.134,0	42,6
Eixe 5-	Rehabilitación e equipamento de zonas urbanas	151.576,9	104.696,3	69,1
Eixe 6-	Redes de transporte e enerxía	976.908,7	562.586,6	57,6
Eixe 7-	Agricultura e desenvolvemento rural	208.552,5	115.988,6	55,6
Eixe 9-	Asistencia técnica	5.003,4	566,1	11,3
Total	2.220.584,1	1.354.113,2	61,0	

Fonte: Informe de execución do programa operativo integrado de Galicia 2000-2006

CADRO 1.3.11.

Programa operativo Galicia: execución de indicadores de eficacia a 31/12/2002

Código	Descrición	Medida	Previsto a 31/12/2002	Executado a 31/12/2002	Executado/Previsto (%)
4002	Inversión privada inducida	(€)	715.000.000	1.085.000.000	151,7
4003	Mulleres beneficiarias sobre o total de beneficiarios	(%)	50,4	54,66	108,5
4004	Proxectos de I+D+I cofinanciados	(nº)	600	890,00	148,3
4010	Beneficiarios colectivos con dificultades de inserción sobre o total de beneficiarios	(%)	1,0	1,47	147,0
4012	Estradas e autovías novas e/ou melloradas (km. contratados)	(en Km.)	202	296,05	146,6
4019	Habitantes equivalentes conectados a depuradoras segundo a Directiva	(Habitantes equivalentes)	110.000	120.283,00	109,3
4037	Dragado	(en m ³)	450.000	641.550,00	142,6
4038	Rede de transporte de enerxía construída	(en Km.)	281	726,22	258,4
4040	Superficie afectada en reparcelación de terras	(en Ha.)	70.000	83.301,00	119,0
4041	Explotacións beneficiadas/controladas	(nº)	320.000	336.785,00	105,2
4043	Superficie acondicionada	(en m ²)	450.000	361.232,00	80,3
4045	Fogares conectados a internet	(nº)	90.000	90.215,00	100,2
4047	Superficie conservada e/ou rehabilitada	(en Ha.)	775.000	779.053,39	100,5
4080	Empregos creados	(nº)	3.200	6.436	201,1
4123	Usuarios beneficiados dos servizos asistenciais	(nº)	5.272.996	6.196.316,00	117,5

Fonte: Informe de execución do programa operativo integrado de Galicia 2000-2006

CADRO 1.3.12.

Programa operativo Galicia: cadro de financiamento por eixe prioritario, medida e gran proxecto

	Total gasto subvencionable programado	Total gasto efectivamente pagado e certificado dende 01/01/2000 a 31/12/2002	Gasto subvencionable	Ámbito de intervención
Eixe prioritario nº 6	93.992.522,00	93.992.522,11	100	
Medida 6.2.	93.992.522,00	93.992.522,11	100	312 (48,41%), 313 (54,08%)
GP 1 Autoestrada Santiago de Compostela-Ourense. Tramo Santiago-Alto de Santo Domingo	93.992.522,00	93.992.522,11	100	312 (36,06%), 313 (63,94%)
Total correspondente ó FEDER	93.992.522,00	93.992.522,11	100	
Total correspondente ó FSE	-	-		
Total correspondente ó FEOGA	-	-		
Total correspondente ó IFOP	-	-		
Eixe prioritario nº 6	93.992.522,00	93.992.522,11	100	
Zonas non beneficiarias de axuda transitoria	-	-		
Zonas beneficiarias de axuda transitoria	93.992.522,00	93.992.522,11	100	

Fonte: Informe de execución do programa operativo integrado de Galicia 2000-2006

dos pola Comisión. Como resultado desta modificación os indicadores seleccionados neste ámbito son os que se reflicten no **cadro 1.3.11.**, expresivo tanto da denominación dos mesmos como dos resultados obtidos á data de 31 de decembro de 2002 e ó seu grado de avance respecto ós obxectivos estimados.

Os **Grandes Proxectos** do POI de Galicia 2000-2006, a 31 de decembro de 2002 son os seguintes:

1.- Gran Proxecto con taxa de cofinanciación aprobada: “Autoestrada de Santiago de Compostela-Ourense, Tramo: Santiago de Compostela-Alto de Santo Domingo”, incluído na medida 6.2. É un proxecto conxunto entre a

Xunta de Galicia e o Ministerio de Fomento. A participación máxima do Fondo FEDER neste proxecto queda establecida en 51,7 millóns de euros e un custo total subvencionable de 94 millóns de euros. Este Gran Proxecto xa foi executado na súa totalidade (**cadro 1.3.12.**).

2.- Grandes Proxectos con taxa de cofinanciación non aprobada e con formulario presentado: “Ampliación do Porto de Ferrol”; “Corredor do Morrazo (Rande-Cangas). Tramos I e II” e “Eixo Atlántico. Tramo Santiago-Oroso (Variante de Berdia)”

3.- Grandes Proxectos con formularios pendentes de presentación: “Plataforma loxística As Neves” en Salvaterra, que executará a Autoridade

Portuaria de Vigo dentro da medida 6.4 “Portos”, e “Corredor Nadela-Sarria” e “Autovía Ferrol-Vilalba”, incluídos na medida 6.1. “Estradas”, que serán executados por parte da Xunta de Galicia. ■

